



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A REAPERTURA DO CONSULTORIO MÉDICO DE FERROL VELLO

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a reapertura do consultorio médico de Ferrol Vello.

Exposición de motivos

En marzo de 2020 a pandemia da Covid-19 chegou as nosas vidas e numerosos servizos públicos víronse afectados limitando aforos ou pechando as súas portas, coma foi o caso do Consultorio Médico de Manuel Comellas situado en Ferrol Vello, o cal atendía a máis de 1000 veciños e veciñas non só dese barrio se non tamén dos colindantes coma A Magdalena e Canido.

A día de hoxe, case 2 anos despois, este consultorio aínda non abriu as súas portas, privando á veciñanza dun servizo sanitario fundamental para unha poboación cada vez máis envellecida.

Durante este tempo, leváronse a cabo numerosas actuacións para demandar a súa apertura inmediata: presentación de varios escritos ao Sergas solicitando a súa apertura, múltiples notas de prensa facendo constar o descontento, aprobación dunha moción

plenaria no mes de setembro coa que agardamos que o goberno municipal fixera o que lle corresponde e reclamara a súa apertura de xeito oficial e unha numerosa concentración ás portas do consultorio no pasado mes de setembro. Pero as respostas por parte da Xunta sempre son as mesmas, escusas e promesas que coinciden nunha mesma conclusión: o consultorio segue pechado.

Dende FeC tememos que o peche do consultorio Manuel Comellas sexa definitivo e o que se agocha entre as múltiples escusas da Xunta de Galicia para demorar a súa apertura non sexa máis que un dos numerosos recortes en sanidade pública que está levando a cabo o Sr. Feijoo por toda Galicia. Se hai uns anos era o Consultorio da Graña o que pechaba, deixando a parte da zona rural sen servizo e centralizándoo en Serantes, vemos agora como sen previo anuncio e aproveitando o peche que tivo lugar pola falta de atención presencial a causa da pandemia, outro centro de atención médica deixa de existir.

Non podemos permitir que a Xunta de Galicia sega co desmantelamento do noso sistema sanitario pechando o consultorio médico Manuel Comellas, que viña prestando un servizo ininterrompido dende 1996 e cunha alta demanda por parte da veciñanza da zona.

Polo que, o Grupo Municipal de Ferrol en Común, volve a presentar unha moción para instar a xunta de Galicia á reapertura inmediata do consultorio de Ferrol, tal e coma comprometeuse nas súas declaracións do pasado setembro, e a reestablecer o servizo tal e coma viña prestándose con anterioridade á pandemia.

Por todo isto, o Grupo Municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción para a aprobación dos seguintes acordos:

1.- Instar dende o Concello de Ferrol ao Sergas co fin de advertir das consecuencias do peche e demandar a apertura inmediata do consultorio Manuel Comellas.

Ferrol, 13 de setembro de 2022

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común